

Organizado pola



Financiado polo



I Premio IGE de Innovación Pedagóxica

No marco do obxectivo de promoción da estatística e da investigación de operacións, a SGAPEIO (Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións) co financiamento do IGE (Instituto Galego de Estatística) convoca o "I Premio IGE de Innovación Pedagóxica", de acordo coas seguintes bases:

1. O obxecto do certame será a presentación de traballos orixinais sobre iniciativas innovadoras de ensino-aprendizaxe sobre probabilidade, estatística ou investigación de operacións.
2. Valorarase que o traballo teña sido aplicado con éxito nalgún centro educativo galego.
3. O importe do premio para o ano 2008 será de 4.500 euros.
4. Poderán concursar neste certame persoas individuais e equipos, podendo presentar cada un deles un único proxecto ao concurso.
5. Os autores deberán presentar unha memoria, por quintuplicado, redactada en galego. Dita memoria deberá estar mecanografada a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, usando algún dos procesadores Word, Scientific Word ou LaTeX; software libre, tipo OpenOffice. Tamén deberá entregarse unha copia da memoria en soporte informático, podendo acompañarse, así mesmo, material audiovisual (vídeos, diapositivas, etc.). Na portada dos traballos constará claramente o título e mais o nome dos autores.
6. Xunto coa memoria, os autores deberán remitir copia dos DNI e máis un curriculum resumido (non máis de dúas páxinas por autor).
7. O prazo de presentación de traballos comprenderá dende o 1 de xuño ata o 30 de outubro do 2008.

8. Os traballos deberán remitirse por correo certificado ao domicilio social da SGAPEIO:

SGAPEIO
Departamento de Estatística e I.O.
Facultade de Matemáticas
15706 Santiago de Compostela
www.sgapeio.es

9. O Xurado encargado da resolución do premio constará de cinco membros e estará presidido polo Presidente da SGAPEIO ou persoa na que delegue. A proposta do Consello Executivo, o Presidente da SGAPEIO nomeará a tres membros do Xurado. O IGE nomeará, entre os seus funcionarios, ao quinto membro do Xurado.
10. O Xurado emitirá o fallo do premio e terá a facultade de interpretar as bases da convocatoria.
11. O fallo do Xurado será inapelable e farase público xunto coa convocatoria da Asemblea Xeral da SGAPEIO do ano 2008.
12. O Xurado poderá declarar deserto o premio. Tamén poderá outorgar o premio a máis dun proxecto, repartíndose a contía do mesmo entre os premiados.
13. Os gañadores do premio presentarán, no marco dos actos programados con motivo da celebración da devandita Asemblea Xeral, os traballos premiados. A exposición do premio levarase a cabo en galego.
14. Os traballos premiados serán propiedade da SGAPEIO.
15. Os traballos non premiados poderán ser retirados polos seus autores no prazo de seis meses desde a publicación do fallo. De non facelo así, os traballos serán propiedade da SGAPEIO.
16. A participación neste premio supón a aceptación destas bases.